

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DUN OFICIAL DE PRIMEIRA ALBANEL, UN PEÓN ALBANEL A XORNADA PARCIAL E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA A XORNADA PARCIAL DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Nº EXPEDIENTE: 2019/E001/000001

Logo de ver o anuncio no BOP nº 65 do 04.04.2019 da Resolución número 2019/11950 pola que se aproban o Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2019 concede ao Concello de Oroso unha achega por importe de 43.000 euros para a contratación de 1 oficial de primeira albanel 2 peóns albanelis e 3 peóns de limpeza.

Logo de ver o informe do concelleiro Eduardo Veiras Rey do 09.04.2019.

Logo de ver a Providencia de Alcaldía do 10.04.2019 pola que se incoa expediente administrativo.

Logo de ver o certificado de crédito dispoñible da Intervención municipal do 02.05.2019.

Logo de ver o informe desfavorable asinado pola Secretaría en funcións de data 02.07.2019 e o informe de reparo da Intervención do Concello de Oroso de data 02.07.2019

Considerando que os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización das obras ou servizos e polos que se outorga subvención ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2019, teñen que estar incluídas en situacións de exclusión social o que determina que, na maioría dos casos, os aspirantes non teñen formación regrada básica, e co obxecto de aumentar o número de candidatos propostos que poderían acollerse ao proceso selectivo, en aras de favorecer a igualdade de oportunidades non se requirirá titulación esixida pola lexislación vixente nin acreditación do coñecemento de galego.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 217.1) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 21.1g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, con esta data , RESOLVO:

PRIMEIRO.- Levantar o informe de reparo de Intervención do 02.07.2019 por razóns de interese público co obxecto a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

SEGUNDO. En base os artigos 103 e 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 14 de abril, aprobar e aplicar á contratación laboral na modalidade de obra ou servizo de duración determinada como parte íntegra do expediente e do contrato que se formalice, as seguintes Bases da convocatoria que rexerán a selección por concurso-oposición dun oficial de primeira albanel, un peóns albanel e dous peóns de limpeza:

PRIMEIRA ALBANEL, UN PEÓN ALBANEL E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA A XORNADA PARCIAL DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O ANO 2019.

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral a xornada completa baixo a modalidade de contrato de duración determinada de acordo co artigo 15.1 a) do Estatuto dos Traballadores de 1 oficial de primeira albanel, 2 peón albanel e 3 peóns de limpeza ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2019 cofinanciado pola Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 26, do 6 de febreiro de 2019), dende a data de contratación ata o 31.12.2019.

As funcións a realizar son as seguintes:

Praza oficial de 1ª albanel e peón de albanel: A execución de obras de reparación e mantemento de bens públicos

Prazas de peón de limpeza: Apoio ao servizo de limpeza viaria

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, de 25 de decembro).

BASE SEGUNDA. RETRIBUCIÓN E FINANCIACIÓN

A contía das retribucións será imputable ás partidas 241.131.00 e 241.160.01 proxecto 2019/3/PEL/1 vixente orzamento de gastos.

O importe das retribucións dos traballadores serán as correspondentes segundo a táboa salarial por grupos profesionais para o persoal non incluído na relación de postos de traballo do Concello de Oroso para o exercicio económico en vigor para o grupo IV-D no caso do oficial de primeira e para o grupo V-E no caso dos peóns.

BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO TRABALLADOR

Os aspirantes seleccionados no presente proceso selectivo incorporaranse ó concello, dándose de alta na seguridade social e demais requisitos legais, tendo unha duración o contrato dende a data de contratación ata o 31 de decembro de 2019 e nunca por un período superior a seis meses e medio.

A contratación do oficial de primeira albanel , dos peóns albaneis e dos peóns de limpeza viaria será a xornada parcial (66,67% da xornada completa)

A xornada laboral ordinaria será de quenda de mañá ou de tarde de acordo co horario ordinario previsto para o resto do persoal do concello, sen perxucio que debido a necesidades da obra pódase requirir a presenza do traballador en outros horarios, coa compensación oportuna de conformidade co convenio colectivo vixente, polo cal o traballador terá dispoñibilidade horaria plena.

BASE CUARTA. PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello de Oroso e igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e a páxina web do Concello de Oroso.

Os resultados das probas, así coma as citacións e emprazamentos dos aspirantes, a efectos de notificación dos interesados, levaranse a cabo unicamente a través do Taboleiro de anuncios coma medio exclusivo de notificación aos interesados, de conformidade co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web do concello.

BASE QUINTA. REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES

1. Para poder ser admitidos no presente proceso de selección deberán reunir e manter en todo momento os seguintes requisitos:
2. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Emprego Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
3. -Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade de xubilación.
4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas. No caso de nacionais doutros estados non atoparse inhabilitado nin en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
5. Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co desenvolvemento das correspondentes funcións do posto.
6. Os aspirantes a oficial de primeira e peón albanel deberán estar en posesión do carnet de conducir clase B
7. Os requisitos para concorrer están referidos ao derradeiro día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.
8. Os traballadores que sexan contratados para a realización das obras e servizos polos que se otorga a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

A selección dos traballadores desempregados realizarase polo Concello contra a base de datos do Servizo Público de Emprego, unha vez presentada por este a correspondente oferta de emprego específica na oficina do Servizo Público de Emprego de Ordes (A Coruña).

Dado que se trata dun plan de integración laboral, soamente poden ser contratados aquelas que estean en situación de exclusión laboral .Estas situacións son as seguintes:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Para os efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas para contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia. Deberase acreditar cun informe social do concello onde resida.

- f) Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego. Deberase acreditar cun informe social do concello onde resida.
- g) Persoas en fogar monoparental / monomarental, Deberase acreditar cun informe social do concello onde resida.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, Deberase acreditar cun informe social do concello onde resida.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero. Acreditarase con certificación da orde de protección de violencia xénero ou da medida cautelar ou sentenza que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar, Deberase acreditar cun informe social do concello onde resida.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación da mesma.

BASE SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os interesados deberán presentar no prazo de tres (3) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria e das presentes bases no Taboleiro de anuncios do concello e na paxina web do concello, a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación anexa ás Bases.
2. Fotocopia compulsada de DNI.
3. Documentación acreditativa dos méritos alegados e acreditación da situación de exclusión social.

A presentación de solicitudes realizarase por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c), d) e e) do artigo 16.4, os aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telegrama ou fax (981691786) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, sen que en ningún caso se teñan en conta aquelas instancias que cheguen ao concello mais alá dos 4 días naturais a contar desde o remate do prazo para a presentación de solicitudes.

No caso de querer presentar de xeito electrónico a instancia poderá realizalo a través da sede electrónica do Concello de Oroso: <https://sede.orosos.es>

En todo caso non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao Concello máis alá dos 4 días naturais dende o prazo de remate de presentación de solicitudes.

Os méritos alegados e non documentados non se terán en conta.

BASE SÈTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase nun prazo non superior a 2 días hábiles unha relación de aspirantes para cada posto especificando o cumprimento dos requisitos expostos na base quinta.

Os aspirantes terán un prazo non superior a 2 días hábiles para a subsanación de deficiencias, dende a publicación no taboleiro de anuncios.

Nun prazo non superior a 2 días hábiles dende a terminación do prazo anterior ou no caso de non necesidade de subsanación, dende a publicación da relación de aspirantes publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos nas probas selectivas que será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Na mesma resolución emprazárase ós aspirantes admitidos para a cita á proba práctica sinalada na base novena.

BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente	D. Felix Carrasco del Pozo
Vogais:	Lino Vilariño Ferreiro D ^a Yolanda García Fachal
Secretario:	D. Javier Santos González

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretario e un dos vogais.

O Secretario actuará con voz pero sen voto.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orden á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección efectuarase polo sistema de concurso- oposición.

POSTO DE OFICIAL DE PRIMEIRA ALBANEL

FASE DE CONCURSO(máximo 1 punto)

Formación: máximo :1 puntos

- Por acreditar documentalmente ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 1 punto

Unicamente se baremarán aqueles méritos debidamente relacionados segundo modelo recollido no anexo II destas bases.

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos)

Consistirá na realización dunha proba práctica na que se valorará a calidade e rapidez nas execución das tarefas.

Esta proba práctica valorarase de 0 a 15 puntos debendo os aspirantes obter unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superar a mesma

A proba práctica consistirá na execución de un pequeno murete de fábrica de bloque de formigón sobre base de formigón armado.

POSTO DE PEÓN ALBANEL

FASE DE CONCURSO (máximo 1 punto)

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 |
info@concelloroso.com

www.oros.es | www.concelloroso.com

Formación: máximo :1 puntos

- b) Por acreditar documentalmente ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 1 punto

Unicamente se baremarán aqueles méritos debidamente relacionados segundo modelo recollido no anexo II destas bases.

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos)

Consistirá na realización dunha proba práctica na que se valorará a calidade e rapidez nas execución das tarefas.

Esta proba práctica valorarase de 0 a 15 puntos debendo os aspirantes obter unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superar a mesma.

A proba práctica consistirá en actuacións incluídas na dación de servizo de obra .

POSTO DE PEÓN DE LIMPEZA

FASE DE CONCURSO (máximo 1 puntos)

Formación: máximo :1 puntos

- c) Por acreditar documentalmente ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 1 punto

Unicamente se baremarán aqueles méritos debidamente relacionados segundo modelo recollido no anexo II destas bases.

FASE DE OPOSICIÓN(máximo 15 puntos)

Consistirá na realización dunha proba practica na que se valorará a calidade e rapidez nas execución das tarefas.

Esta proba práctica valorarase de 0 a 15 puntos debendo os aspirantes obter unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superar a mesma.

A proba práctica consistirá en manexo da máquina varredora municipal e/ou outros utensilios de limpeza.

DECIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

O tribunal propondrá o nomeamento do/da aspirante que obtivera a maior puntuación.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.



Os interesados deberán presentar no prazo de catro días naturais dende a publicación da proposta de nomeamento do tribunal:

Informe de recoñecemento médico polos servizos do Concello, que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións

De producirse algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que non houberen superados estas probas por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

NOVENA.- RECURSOS.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo non Boletín Oficial da Provincia (artigos 116, 117 e 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). No caso de que interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 116 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).



ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE.

D/ D^a....., con DNI número....., e
domicilio, para os efectos de notificación, en.....,
C.P....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de _____ mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía_____

Para tal efecto fai constar:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria.
- 2º Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º Que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude.
- 4º. - Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega:

En, a....., de, de 2019

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 |
info@concelloroso.com

www.oroso.es | www.concelloroso.com

TERCEIRO. Aprobar o gasto polos seguintes importe con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento municipal:

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
241.131.00	2019/3/PIL/1	PERSOAL LABORAL TEMPORAL	32.580,46
241.160.01	2019/3/PIL/1	SEGURIDADE SOCIAL EMPRESA-PLANES	11.124,35

CUARTO. Aprobar e aplicar o concurso - oposición, como forma de selección, conforme ó establecido no artigo 91 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61.6 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público., procedendo a publicación da convocatoria do mesmo no Taboleiro de Anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Oroso e procédase á presentación das correspondentes ofertas de emprego na Oficina de Emprego de Ordes xunto con estas bases.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, do que eu, como Secretario, dou fe.